

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 17 DE DECEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de decembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de Decembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito

que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 18/05/2007/2501-OM

A ANDRES ALBARRACIN RODRIGUEZ., con domicilio na avda. del Valle nº 35, Urbanización Coto Redondo, 28939, Madrid, para levar a cabo as obras de Rehabilitación do Pazo Ulloa sito nas Quintas, Esposende , que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto, Don Luis Antonio Chao Gómez, con visado de data 24 de abril de 2007 e Anexos con visado de data 21 e 31 de agosto de 2007

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de Pazo Ulloa.

Contía na que se orzan as obras: 244.122 euros.

Situación e emprazamento das obras: As Quintas, Espodende.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: D. Luis Antonio Chao Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Andrés Albarracin Rodríguez.

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 18.05.07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 6.347,17 euros, e visto o orzamento estimado que figura no proxecto técnico e que ascende a 144.122 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Outras condicións: As obras axustaranse o proxecto básico e de execución e anexos que constan no expediente redactados polo arquitecto Don Luis A. Chao Gómez, con visado de data 24 de abril de 2007 e Anexos con visado de data 21 e 31 de agosto de 2007. Consta Estudio Básico de Seguridade e Saúde.

Consta nomeamento de Director facultativo da obra (Luis A. Chao Gómez), director de execución material (Marcos Chao Amaro) e Coordinador de Seguridade e Saúde (Marcos Chao Amaro).

Consta Resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 3 de xullo de 2007 e informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico (Expte. 66/344) de data 31 de outubro do 2007.

PRORROGA DE LICENCIA.-

Visto o escrito de Don Rogelio Meiriño Vázquez, con domicilio na rúa Emilio Pardo Bazán nº 2, desta Vila, no que solicita prórroga da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local de data 24.01.05 para a construción dun edificio de vivendas e garaxes no inmoible sito na rúa Ruben Garcia nº 4.

Visto o *artigo 197º.- Caducidade das licencias da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro* no que se establece que “os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga” e o informe técnico de data 12.12.07 obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda conceder unha prórroga do prazo de remate, establecendose un novo prazo de remate de tres anos, a contar dende o día seguinte ao da notificación do presente acordo..

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Carlos Lamas Rojo**, con domicilio na rúa Camiño Cabrita de Abaixo nº 12, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Lisardino Nelio Martínez Moldes**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 64, 2º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Canda Francisco**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 6, 2ºJ, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don José Luis González Rodríguez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 2, 5ºA, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Tirso Martínez Alvarez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 2, 3ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Don José Avelino González Reyes**, con domicilio na rúa Tomás de Lemos nº 12 c/v Alcalde Meruéndano, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Tomás de Lemos nº 12 c/v Alcalde Meruéndano, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Don Antonio González Losada**, con domicilio na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda A, relativo á subvención para actuacións na área de

rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda A, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Dona Maria Rios Araujo**, con domicilio na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda B, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda B, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Dona Maria Rios Araujo**, con domicilio na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda C, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda C, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Don Antonio González Losada**, con domicilio na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda D, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 4-6, Vivenda D, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Donas Rosalia Gómez Carballido**, con domicilio na rúa Oporto nº 6, 4 dcha, Vigo, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Yañez nº 13, 1º, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **Donas Rosalia Gómez Carballido**, con domicilio na rúa Oporto nº 6, 4 dcha, Vigo, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Yañez nº 13, 2º, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI

“Visto o escrito de **Don Celso Sotelo Barroso**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 13, 2ºB, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 0054 CPF, adscrito á licencia de autotaxi nº 5, por outro novo (Mercedes Modelo B 200 CDI), matrícula 6373 FYB, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licencia nº5 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 6373 FYB, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 0054 CPF; polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

CONCESION DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vistas as solicitudes presentadas nesta Administración Local para a concesión de postos de venda na Praza de Abastos e tendo en conta a existencia de postos vacantes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder os seguintes postos:

Posto nº 5. Planta Baixa (Carne). Don Emilio J. Rivas Espiñeira.

Estas ocupacións terán o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Asi mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Resolución de data 16.11.07 da Confederación Hidrográfica do Norte, relativa a inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Souto de Pimentel, sito na estrada de San Paio-Estación, solicitado por Hijos de Luis Chao Sobrino S.A.”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA DE SUMIDOIROS.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación ao listado cobratorio da Taxa de Sumidoiros, exercicio 2006, por importe de 38.764,54 euros. Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar como período de cobranza voluntario da taxa anteriormente referida entre os días 31 de Decembro de 2007 e o 15 de Febreiro de 2008.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- ECOPLANIN S.L. Servizo de 54 horas de Obradoiros para escolares de Ribadavia, por cinco dinamizadores, (incluíndo os materiais necesarios, os desprazamentos e a xestión das actuacións), segundo factura número 115, por importe de 6076 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.